

OS DEREITOS DA INFANCIA

A Convención sobre os dereitos da Nenez, 1989



Os dereitos da infancia

A Convención sobre os dereitos da Nenez, 1989

EDUCO

Somos unha ONG global de cooperación para o desenvolvemento que actúa a favor da infancia e a defensa dos seus dereitos, en especial o de recibir unha educación de calidade. Traballamos con nenas, nenos e a súa contorna para promover sociedades máis xustas e equitativas que garantan os seus dereitos e o seu benestar. Queremos construír un mundo onde todas as persoas poidan gozar plenamente dunha vida digna.

A nosa prioridade son as nenas, nenos e adolescentes, en particular aqueles grupos máis vulnerables e excluídos, e con atención especial cara ás nenas.

O noso traballo pretende garantir a efectiva realización dos **dereitos da infancia**, no marco da convención internacional que os regula (Convención sobre os Dereitos da Nenez, 1989) e a busca do máximo benestar infantil, que se configura como un marco axeitado para avaliar o avance cara a sociedades máis xustas.

Este **enfoque de dereitos**, leva consigo a aplicación en todas as nosas actuacións dos principios fundamentais da convención: a non discriminación, o interese superior da infancia, o dereito á supervivencia e ao desenvolvemento, e o dereito de nenos, nenas e adolescentes a expresaren as súas opinións e a seren tidos en conta en tódolos asuntos que lles afecten.

A educación, ademais de ser un dereito en si mesmo, é un medio indispensable para acadar os demais dereitos e liberdades. Por iso compartimos a convicción de que debe de ser incuestionable, dispoñible, accesible, aceptable e adaptable. Coidamos que só deste xeito ha ser quen de transformar a vida das persoas e das comunidades onde viven, contribuíndo a construír sociedades máis xustas e equitativas.

As nosas exposicións contribúen a dar a coñecer os problemas do mundo, co espertar de consciencias críticas na nosa contorna. Por iso, traballamos para impulsar e reforzar un concepto de **cidadanía global activa** baseado no respecto e a promoción da dignidade humana, nunha conciencia social crítica e con capacidade para xerar dinámicas transformadoras das inxustizas sociais. Iso implica **colaborar no desenvolvemento de consciencias e actitudes críticas, tolerantes, responsables e solidarias**, que sirvan para fomentar a cooperación entre as persoas e as sociedades, orientadas cara á promoción da xustiza social. Con este obxectivo, desenvolvemos accións de sensibilización en concellos, bibliotecas, centros culturais, universidades, etcétera.



Os dereitos da infancia

A Convención sobre os dereitos da Nenez, 1989

EXPOSICIÓNS EDUCO

O obxectivo desta exposición de Educo é achegar a Convención sobre os Dereitos da Nenez ao público en xeral, especialmente os nenos, nenas e adolescentes. Enténdese por nenez, a todo ser humano dende o seu nacemento até os 18 anos.

Todas as nenas e os nenos do mundo, sen distinción, nacen e posúen os mesmos dereitos. A Convención sobre os Dereitos do Neno, adoptada polas Nacións Unidas, o 20 de novembro de 1989, recolle ao longo dos seus 54 artigos catro principios básicos.

- A non discriminación
- O interese superior do neno e a nena
- O dereito á vida, á supervivencia e ao desenvolvemento
- A participación en todo aquilo que lles poida afectar

Os dereitos son de obrigado cumprimento por parte de tódolos países que os ratificaron. Ademais é o primeiro instrumento que contempla a infancia como un suxeito activo de dereitos e non coma un obxecto de protección.

Non Discriminación: *Dereito á igualdade, sen distinción de relixión, discapacidade, xénero ou nacionalidade*

Os nenos e nenas teñen todos os seus dereitos recollidos na Convención, sen importar a súa procedencia, sexo, impedimentos físicos e mentais, cor da pel nin crenzas.

O goberno ten a obriga de tomar as medidas precisas para protexer aos nenos e as nenas de todo tipo de discriminación.

Nome e nacionalidade: *dereitos e liberdades civís*

As nenas e os nenos teñen dereito, ao naceren, a un nome e a unha nacionalidade, a coñeceren os seus proxenitores e a seren cuidados por eles. En moitos países, por diferentes circunstancias, os nenos e nenas non son rexistrados e, polo tanto, é como se non existisen. Ao naceren, os bebés deben ser inscritos no rexistro civil.

Familia: *dereito do neno e a nena a vivir coas súas familias*

É un dereito do neno e a nena, excepto nos casos nos que a separación sexa necesaria, vivir e manter contacto directo coas súas familias. Os proxenitores ou os familiares legalmente designados, son os responsables da súa crianza. O goberno ten a obriga de establecer as medidas adecuadas para ese cumprimento.

Saúde básica e benestar: *dereito á vida, á supervivencia e ao desenvolvemento*

Os gobernos deben garantir a supervivencia e o desenvolvemento de todos os nenos e nenas. Iso inclúe o dereito a gozar do máis alto nivel posible de saúde e a ter acceso a servizos médicos e de rehabilitación.

Educación: *dereito á educación, recreo e actividades culturais*

Todo neno e nena ten dereito a unha educación orientada cara ao desenvolvemento da súa personalidade e aptitudes a fin de preparalo para unha vida adulta activa.

O goberno ten a obriga de asegurarlle, cando menos, unha educación gratuita e obrigatoria de calidade.

Protección: *todo neno, nena e adolescente ten dereito a ser protexido de calquera forma de violencia*

As autoridades deben protexer os nenos e nenas de calquera tipo de violencia, malos tratos ou abusos, así como de calquera tipo de explotación que sexa perxudicial para o seu benestar, ou establecer unha protección especial en caso de conflito armado.

Interés Superior do menor: *dereito a seren escoitados e escoitadas.*

A nena e o neno teñen dereito a expresaren a súa opinión e que esta sexa tida en conta en todos os asuntos que lles afecten, sendo obxectivo primordial o seu benestar.

Protéxese o interese superior do neno e da nena por riba das persoas adultas.

Participación: *dereito a involucrarse nas decisións que lles afectan*

A Convención tamén recolle a liberdade dos nenos e as nenas para se asociaren, expresaren, así como para recibiren, difundir e teren acceso a unha información axeitada.

Os dereitos da infancia

A Convención sobre os dereitos da Nenez, 1989

EDUCO E OS DEREITOS DA INFANCIA

Tal e como salienta o noso Plan Estratéxico 2015-2018, o traballo de Educo céntrase en garantir a efectiva realización dos Dereitos da Nenez no marco da Convención Internacional que os regula, a "Convención Sobre os dereitos do Neno" de 1989 e a procura do máximo benestar infantil.

A nosa misión é traballar con nenas, nenos e a súa contorna para promover sociedades máis xustas e equitativas que garantan os seus dereitos e benestar.

Porque queremos un mundo onde tódalas nenas e nenos gocen plenamente dos seus dereitos e dunha vida digna.

FICHA TÉCNICA

- A exposición é lixeira e fácil de montar.
- Consta de 10 paneis de foam de 150 x 90 cm
- Os paneis mantéñense de pé pusados no chan, xa que cada panel conta cun apoio triangular na súa base.
- Educo sempre ofrece os seus materiais de forma gratuíta, pedindo tan só ás entidades receptoras asumir, se é posible, o transporte/envío da exposición.

Actividades complementarias:

Palestra

No contexto da exposición sobre os dereitos da infancia, ofrecemos a posibilidade de organizar palestras e obradoiros encamiñados tanto a nenos, nenas e adolescentes coma ao público adulto. Esta actividade tamén ofrece a posibilidade de organizar obradoiros sobre a educación en dereitos da infancia para profesorado e educadores/educadoras.

